Pterosauria

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Os **pterosauros**[2] ("lagartos alados") son un grupo de réptiles voadores que existiron durante a Era Mesozoica. As súas ás estaban formadas por unha complexa membrana sostida polo cuarto dedo da man, que estaba hipertrofiado. O seu corpo estaba cuberto de pelo, preservado en fósiles de polo menos tres especies distintas.

Os fósiles máis antigos de pterosaurios coñecidos pertencen como mínimo ó Triásico tardío. O máis antigo chámase *Eudimorphodon*. É de pequeno tamaño, cola con extremo en forma de rombo, e dentes puntiagudos en ambas as dúas mandíbulas.

Os primeiros pterosaurios, desenvolvidos entre o Triásico serodio e principios do Xurásico, eran similares ó *Eudimorphodon*; de pequeno tamaño, rabo longo, e dentes (como o *Rhamphorynchus*, que tiña dentes que pechaban en forma de trampa).

Xa para o Cretáceo se diversificaran en varias formas: algúns sen cola e sen dentes (como o *Pteranodon*), outros do tamaño dun avión da Primeira Guerra Mundial (como *Quetzalcoatlus*, a criatura voadora máis grande coñecida), numerosos con cristas (como *Dsungaripterus* e *Pteranodon*), e outros con outras características (como o *Ctenochasma*, que asemellaba unha garza e filtraba plancto por medio dos seus finos dentes).

Aparentemente, os pterosaurios perderon moita da súa diversidade antes de concluír a Era Mesozoica. Só se coñece unha especie que existise no momento da grande extinción masiva do Cretáceo: *Quetzalcoatlus northropi*.

Pterosauros

Rango fósil: Triásico - Cretáceo



Geosternbergia sternbergi

Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Superclase:	Tetrapoda
Clase:	Sauropsida
Subclase:	Diapsida
(sen clasif.):	Archosauria
Orde:	**Pterosauria** Kaup, 1834



Distribución dos fósiles de pterosauros.

Subgrupos[1]

- **Suborde** *Eopterosauria*
  - *Preondactylia*
  - **Clado** *Eudimorphodontimorpha*
  - *Eudimorphodontia*
- **Suborde** *Macronychoptera*
  - *Dimorphodontia*
  - Novialoidea

Notas

1. Andres, Brian Blake (2010). "A review of pterosaur phylogeny". En Martill, D., Unwin, D., & Loveridge, R. F. (eds). *The Pterosauria*. Cambridge University Press. ISBN 9780521518956.
2. "Pterosauro". *Digalego.xunta.gal*. Consultado o 9 de agosto de 2019.



Wikimedia Commons ten máis contidos multimedia na categoría: ***Pterosauria***



Wikispecies posúe unha páxina sobre: ***Pterosauria***
